

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CINECLUBE PADRE FEIJOO PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NA CIDADE DE OURENSE EN 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da súa sinatura ata o 17 de decembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o obxecto deste convenio é a colaboración na organización dun programa de difusión de produción audiovisual na cidade de Ourense, cunha programación que se estenderá dende mediodas de marzo ata o 17 de decembro de 2020, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) dos últimos meses.

Dentro desta programación incluírase un ciclo conmemorativo do Xacobeo 2021, que estará composto por un mínimo de tres películas e un máximo de cinco e que se programará ao reiniciarse as proxeccións tras o parón de xullo e agosto. Para as películas deste ciclo non rexerá a condición dun único programa por semana.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, co Cineclub Padre Feijoo busca indicir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidade de Ourense, polo que ambas as entidades consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2020 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

